
 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESUMO

Ano	2010	PE403A 2009/61-1
Entidade	CONFRARÍA DE PESCADORES DE CORME	
Plan explotación⁽¹⁾	PERCEBE	
Réxime⁽²⁾	RECURSO ESPECÍFICO	
Modalidade⁽³⁾	A PE E EMBARCACIÓN	

Especies	Percebe (<i>Pollicipes pollicipes</i>)
Ambito do plan	Da enseada do río Anllóns a punta Nariga
Subzonas de explotación	Zona A (Canteiro): da Enseada do Anllóns ó porto de Corme e pedras cercadas. Zona B (Roncudo): do porto de Corme ó Carreiro da Balea e pedras cercadas. Zona C (Gabriela): de Carreiro da Balea a Zorradeira e pedras cercadas. Zona D (Percebellosa): de Zorradeira a Enseada de Grixoa e pedras cercadas. Zona E (Rosas): de Enseada de Grixoa a Pta. Nariga e pedras cercadas.

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Habilitacións
34	18	46
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		Non
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
-	-	-

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción	112											
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾												
Modalidade⁽³⁾: a pé												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X		X	X	X	X	X	X	X	X
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾												
Modalidade⁽³⁾: embarcación												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X		X	X	X	X	X	X	X	X

Topes de captura ⁽⁶⁾			
Especies	A pé (Mariscador/día)	Embarcación	Habilitación enrolado e a bordo/día
Percebe	5 kg	-	5 kg

Artes a empregar	Raspa ou rasqueta
-------------------------	-------------------

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos MariñosRúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25XACOBEO 2010
Galicia

Puntos de control	Zona A: praia da Ermida, praia de Balares e camiño do Canteiro. Zona B: merendeiro e cruce da Atalaia. Zona C: merendeiro, aldea do Roncudo e mirador do Roncudo. Zona D: aldea do Roncudo, os Eolos e a Fontenla Zona E: praia da Barda, Santa Mariña, a Fontenla e punta Nariga. Porto de Corme para as embarcacións.
Puntos de venda	Lonxas e puntos de venda autorizados

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Epocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas: banco O Canteiro												
Especies: Pollicipes pollicipes												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Participantes: Inclúen un listado de 34 mariscadores a pé, e aínda que o número é correcto, non así a relación de percebeiros, posto que inclúen a, que non solicitou a renovación do permex para o 2010 e non inclúen a, que solicitou a revalidación para o ano 2010 e se atopa no trámite de requerimento.

Respecto da modalidade de embarcación, no plan presentado indican un total de 47 tripulantes habilitados, cando segundo os datos da Consellería o número total de cotas autorizadas é de 46. A embarcación dispón de 3 cotas e a embarcación dispón de 2 cotas.

Ampliación: Tendo en conta o descenso experimentado na produción non se acepta a solicitude de ampliación de habilitacións para as embarcacións interesadas. Recórdase que as solicitudes de ampliación deben indicar claramente o número de percebeiros ou embarcacións que se solicitan.

Época probable de extracción: Establécese unha veda en toda a zona durante o mes de maio,



a fin de recuperar o recurso.

Remisión dos datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior

Accións de mellora: Considérase moi axeitada a proposta de continuar coa realización de rareos nas zonas que presentan percebe de baixa calidade, pero deben especificar as épocas probables nas que se desenvolverán estes traballos.

Puntos de control: Cómpre lembrar o establecido na disposición adicional quinta da Orde do 8 de febreiro de 2008: *“no caso de produtos pesqueiros frescos que teñan que pasar un punto de control, de acordo co plan de explotación correspondente, a mercadoría non poderá ser retirada deste punto polo mesmo propietario que a entrega”.*

Horario: Neste plan recóllese que o horario de traballo será dende 2 horas antes a 1 hora despois da baixamar diúrna, ata as 17'00 h. Tendo en conta que este horario é máis restritivo que o recollido na Orde do 6 de marzo de 2000, pola que se regula a explotación de percebe como recurso específico no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, non existe inconveniente na súa aplicación.

Normas do plan:

O plan recolle como norma interna que a realización de vixilancias sexa obrigatoria para todos os participantes neste plan. Igualmente, tamén se indica que as embarcacións deben cumprir un mínimo dun 20% de actividade para seren incluídas no plan do seguinte ano.

Recórdase o disposto na Orde do 6 de marzo de 2000, modificada pola Orde do 23 de novembro de 2008 que regula a explotación de percebe: *“a renovación do permiso de explotación requirirá o cumprimento das prescricións contidas no plan de explotación específico para percebe de cada ano, o que determinará a súa inclusión ou exclusión do plan de explotación específico.”*

En calquera caso, a persoa afectada poderá recorrer á vía xudicial, xa que a tutela que exerce a Administración sobre as confrarías non inclúe o réxime sancionador (artigo 3º do Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións).

Deberán **achegar** a seguinte documentación:

- Certificación da aprobación polos órganos de goberno da confraría de Corme.
- Xustificación da exclusión de do plan presentado.
- Forma de organización e responsables do punto de control.
- Coordenadas cartográficas que delimitan os puntos de control, dacordo coa Circular de 6 de outubro 2009 da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños pola que se ditan as instrucións para a presentación dos plans de explotación para o ano 2010.

Recomendacións para a mellora do plan:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

- Reunir todas as normas de obrigado cumprimento para os participantes no plan e que aparecen dispersas no texto do mesmo.